

Co gallo do día internacional da saúde mental, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia quere participar na celebración deste día dun xeito activo. Calquera aportación que poidamos facer procede da experiencia das traballadoras sociais, grupo profesional profundamente implicado na atención dos problemas que crean as enfermidades mentais.

A dimensión social da saúde é plenamente coñecida, pero as veces esquecemos os efectos que a falta de saúde provoca nos e nas pacientes. No caso da enfermidade mental a atención social é imprescindible porque as repercusións que este tipo de patoloxías teñen nas dimensións familiar, convivencial, laboral/escolar, relacional e afectiva son rotundas. Os e as profesionais do Traballo Social acompañan á persoa de xeito cotiá intentado minimizar os efectos da doenza, dar resposta ás necesidades asociadas e prever situacións de crise.

O noso rol na atención directa permítenos, como profesión, visualizar as eivas no sistema, os desaxustes de coordinación e os cambios necesarios para dar unha atención máis comunitaria con servizos de continuidade e acompañamento, adaptada ás necesidades das persoas.

A formulación destas cuestións pensamos que é útil e construtiva para transmitir á sociedade a información da que dispoñemos, e facilitar que poida influír na planificación e xestión dos servizos destinados ás pacientes psiquiátricas e psiquiátricos.

As cuestións fundamentais podemos sistematizalas do seguinte xeito:

- Falta de **recursos residenciais e rehabilitadores** para as persoas con enfermidade mental. Hai unha escaseza sistémica de recursos residenciais, e como consecuencia outros servizos con obxectivos terapéuticos distintos colápanse e resultan operativamente inhabilitados. A tipoloxía dos recursos asistenciais debe ser máis ampla e flexible.
- Necesidade de **recursos de integración social e coordinación socio-sanitaria**, a todos os niveis de atención e decisión. As persoas deben estar no centro da planificación asistenciais, e non quedar illadas entre os sistemas e recursos de atención.
- **Dotar de persoal** as prazas de Traballo Social contempladas administrativamente, e promover as que aínda non o están pero son fundamentais para garantir unha

atención eficiente. Cada posto de traballo non cuberto ou contemplado, materialízase na desatención de persoas enfermas.

- Mellora da atención á **saúde mental infanto xuvenil**, problemática con características específicas que determinan a necesidade de especialización na súa abordaxe. Para garantir a atención integral as persoas de menos de 18 anos en saúde mental, é necesario definir servizos e procedementos integrados entre as consellerías con competencias en educación, política social e saúde.

Unha cuestión que transcende ao noso rol profesional, pero que non podemos deixar de mencionar é a escaseza de prazas de hospitalización de agudos. Esta falta impacta moi negativamente na poboación, tendo que ingresar en áreas sanitarias que non lle corresponden e deixa sen ingreso hospitalario a doentes de alto risco socio-sanitario. Esta situación tensa todo o sistema de atención.

Por último demandar formación específica para os profesionais que interveñen en saúde mental, en concreto para os e as traballadoras sociais.

As solucións aos problemas sociais e sanitarios non se producen de repente, son procesos longos e custosos tanto a nivel de recursos económicos como de organización e coordinación. Aportamos o noso esforzo para coñecer os puntos febles da atención á saúde mental e facilitar a súa abordaxe. Algunhas cuestións poden ser doadas e directas, outras teñen un longo recorrido, pero unha vez sinaladas non podemos dalas por ignoradas.